

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**2º DE PRIMARIA****ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:**

Os estándares de aprendizaxe que traballaremos ao longo do curso son os que se contemplan no Decreto 105/2014 do 4 de setembro aínda que nós faremos fincapé nos presentados a continuación.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Aplica as normas sociocomunicativas: escoita e respeta a quenda.
- Organiza o discurso cunha secuencia coherente e elemental.
- Acada una lectura comprensiva axeitada ó seu nivel.
- Lee en voz alta con pronunciación e entonación axeitada á súa idade.
- Escribe con axuda textos sinxelos respectando as normas gramaticais (clases de oración, suxeito e predicado, sustantivos, adxetivos, artigos, pronomes persoais...), ortografía básica e signos de puntuación.
- Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.

MATEMÁTICAS

- Lee e escribe números naturais ata o 999, empregándoos na interpretación e a resolución de problemas en contextos reais.
- Realiza cálculos numéricos básicos cás operacións de suma, resta, multiplicación e división por unha cifra empregando diferentes estratexias e procedementos.
- Identifica números pares e impares.
- Calcula mentalmente operacións sinxelas de sumas e restas.
- Utiliza os números ordinais en contextos reais.
- Coñece a formación dos números e a relación entre os seus elementos: unidades, decena e centenas.
- Emprega procesos de razoamento e realizar os cálculos necesarios para resolver un problema.
- Mide os espazos con unidades de medida convencionais (metro, centímetro, quilómetro/ litro, medio litro y cuarto de litro) escollendo a unidade e instrumentos máis axeitados segundo a súa magnitude.
- Lee a hora en reloxos analóxicos e dixitais (en punto, medias e cuartos).
- Fai interpretacións dos datos presentados en gráficas formulando preguntas e resolvendo sinxelos problemas.
- Coñece elementos dun polígono: lados, vértices e o perímetro.
- Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.
- Identifica e resolve problemas da vida cotiá, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos.
- Coñece e manipula moedas e billetes en situacións reais.
- Diferenza o concepto de suceso seguro, posible e imposible.
- Amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordeado.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Identifica e describe as partes do corpo humano e compara con outros seres vivos.
- Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
- Identifica as características e diferenzas dos seres vivos (mamíferos, aves, anfibios, réptiles e peixes).
- Identifica os alimentos diarios necesarios.
- Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes.
- Identifica e describe a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, tomando conciencia do seu uso responsable.
- Recoñece os elementos da paisaxe, elementos naturais e elementos artificiais.
- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo, respectando aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CIENCIAS SOCIAIS

- Identifica os lugares onde hai auga na contorna, e como se distribúe a auga doce e salgada.
- Coñece, nomea e identifica os elementos básicos que forman os ecosistemas.
- Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
- Describe paisaxe da costa diferenciando das do interior.
- Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
- Elabora un esbozo do plano do barrio.
- Describe a organización social da contorna e valora os servizos do concello.
- Diferenza entre traballos na natureza, fábrica e servizos.
- Explica as normas básicas viarias, que ten como viaxeiro viaxeira ou peón peoa.
- Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vida pública e dos seus elementos.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Amosa unha actitude responsable e respectuosa cara a si mesmo e cara aos demais.
- Controla e expresa emocións comunicándose axeitadamente.
- Comprende e respecta as diferenzas entre as persoas enriquecendo a súa bagaxe social e cultural.
- Amosa unha boa disposición nas actividades grupais.
- Busca solucións aos conflitos de forma reflexiva e democrática.
- Respecta as normas de convivencia.
- Recoñece e valora os dereitos humanos dos nenos e das nenas.
- Desenvolve e expresa una imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Comprende e aplica os distintos conceptos traballados na aula, aumentando á súa capacidade de razoamento e reflexión sobre os mesmos.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Emprega roupa, calzado e materiais axeitados para a práctica da actividade física.
- Adoita medidas de seguridade para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogos, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa activamente en todas as actividades propostas, aceptando a todos os seus compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Realiza lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.
- É capaz de executar desprazamentos, saltos e xiros combinados.
- Coñece e practica diversos xogos populares tradicionais galegos con entusiasmo.
- Utiliza axeitadamente os espazos e os materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Colabora activamente no desenvolvemento dos xogos de grupo, amosando unha actitude de aceptación e de superación ante posibles frustracións que se poidan producir.

LINGUA ESTRANXEIRA

- Utiliza as normas de cortesía: saúdos, despedidas, dar as grazas e pedir por favor.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna.
- Exprésase oralmente e por escrito sobre si mesmo e a súa vida cotiá: nome, idade, días da semana, meses, estacións, tempo atmosférico, gustos e preferencias, localización de obxectos, instrucións, posesión dun mesmo e dunha terceira persoa, gustos e preferencias, materias que compoñen os obxectos, habilidade e capacidade, petición de axuda e permiso, estado de ánimo.
- Nomea animais da contorna, partes do corpo e da casa, membros da familia, lugares, números ata 50, cores, obxectos da aula, partes da casa e da escola, afeccións, roupa e festividades.
- Comprende palabras e frases simples en mensaxes orais e escritos relacionados cos temas traballados.
- Participa en situacións de comunicación propias do desenrolo da aula e simuladas referidas á súa vida cotiá.

RELIXIÓN

- Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
- Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
- Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
- escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.
- Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
- Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
- Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.
- Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
- Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

- Valora a limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.
- Describe imaxes presentes no contexto próximo.
- Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais.
- Usa de diferentes formas, texturas e cores nas producións.
- Elabora debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.
- Manipula adecuadamente os materiais, instrumentos e espazos.

MÚSICA

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- Coñece as figuras do director de orquesta, instrumentista e público, así como as súas funcións, repetando e valorando os seus respectivos traballos .
- Coñece e respeta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical. Pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, penatagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
- Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Lee e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
- Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

LINGUA E LITERATURA GALEGA E CASTELÁ		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIÓNS
PROBAS ESCRITAS E ORAIS	20	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva. • Preguntas directas de xeito oral.
LECTURA / EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	40	<ul style="list-style-type: none"> • Velocidade lectora. • Comprensión lectora. • Emprego correcto do novo vocabulario que van adquirindo. • Caligrafía lexible e realización dos trazos seguindo a direccionalidade correcta. • Pequenos ditados.
LIBRO, CADERNO DE CLASE E CADERNILLOS	30	<ul style="list-style-type: none"> • Realización correcta das tarefas da clase e da casa diarias. • Traballo diario no libro. • Organización e boa presentación das actividades na aula (boa caligrafía, presentación, limpeza...)
ACTITUDE E COMPORTAMENTO	10	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado do material propio e da clase. • Interese e grao de participación na clase. • Constancia e regularidade no traballo diario. • Respecto hacia ós demais.

MATEMÁTICAS		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIÓNS
PROBAS ESCRITAS E ORAIS	20	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva. • Preguntas directas de xeito oral.
LECTURA / EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	40	<ul style="list-style-type: none"> • Cálculos numéricos básicos: mentalmente, con sumas e restas cotiás. • Operacións básicas. • Expresar de forma ordenada e clara nos problemas e saber atopar a solución.
LIBRO, CADERNO DE CLASE E CADERNILLOS	30	<ul style="list-style-type: none"> • Realización correcta das tarefas da clase e da casa diarias. • Traballo diario no libro. • Organización e boa presentación das actividades na aula (boa caligrafía, presentación, limpeza, posición correcta nas operación...) • Unha boa actitude de cara ao traballo. • Cadernos de traballo.
ACTITUDE E COMPORTAMENTO	10	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado do material propio e da clase. • Interese e grao de participación na clase. • Constancia e regularidade no traballo diario. • Respecto hacia ós demais.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIÓNS
COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL	35	<ul style="list-style-type: none"> • Uso das estruturas e vocabulario traballado. • Participación activa nas actividades de aula e en diálogos dirixidos con resposta física e lingüística axeitada.
COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA	35	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de estruturas e vocabulario traballado. • Fichas de traballo individual e en grupos. • Traballo diario no libro e libretas.
TRABALLO PERSOAL	20	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo diario. • Realizacións correctas das tarefas de clase. • Organización e boa presentación das actividades en clase (caligrafía lexible, presentación e limpeza)
ACTITUDE E COMPORTAMENTO	10	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado do material propio e da clase. • Interese e grado de participación na clase. • Autonomía no traballo persoal. • Constancia e regularidade no traballo diario. • Respecto cara os demais.
<p>Realizarase unha avaliación continua a través da observación sistemática da aprendizaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo persoal do alumno/a • Participación activa nas actividades diarias da aula. • Presentación dos traballos realizados. • Actitude na clase. • Cualificación en fichas e tests individuais orais e escritos. <p>Terase en conta, para a nota final, o nivel de consecución dos obxectivos previstos, o traballo persoal, a actitude e o interese amosados.</p>		

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIÓNS
PROBAS ESCRITAS E ORAIS	20	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva.
LECTURA / EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	40	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión lectora. • Emprego correcto do novo vocabulario que van adquirindo. • Preguntas directas de xeito oral. • Caligrafía lexible e realización dos trazos seguindo a direccionalidade correcta.
CADERNO DE CLASE E PROXECTOS.	30	<ul style="list-style-type: none"> • Implicación nos proxectos. • Organización e boa presentación das actividades na aula (boa caligrafía, presentación, limpeza...)
ACTITUDE E COMPORTAMENTO	10	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado do material propio e da clase. • Interese e grao de participación na clase. • Constancia e regularidade no traballo diario. • Respecto hacia os demais.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIONES
REALIZACIÓN E RESULTADO FINAL DO TRABALLO	35	<ul style="list-style-type: none"> • Organización e boa presentación das actividades. • Presión e direccionalidade nos trazos, cos diferentes materiais empregados: • pinturas, rotuladores...
CREATIVIDADE	25	<ul style="list-style-type: none"> • Orixinalidade na realización dos diferentes traballos. Capacidade creativa.
ATENCIÓN, INTERESE E ESFORZO PERSOAL	40	<ul style="list-style-type: none"> • Superación nas diferentes técnicas empregadas na realización das actividades. • Esfuerzo por superar as dificultades presentadas á hora de realizar as tarefas. • Respecto e valoración das obras propias e dos seus compañeiros. • Disposición do alumno de cara á aprendizaxe das diferentes técnicas.
As porcentaxes ao 50% de Plástica e Música axudarán a calcular a nota media de Educación Artística.		

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIONES
CONTROIS ESCRITOS E ORAIS (calquera tipo de proba práctica)	30	Realizarase un seguimento dos traballos entregados en cada avaliación así como una valoración das distintas interpretacións con instrumentos de PAD (percusión de altura determinada) e outros instrumentos de pequena percusión.
PREGUNTAS CLASE / ATENCIÓN	10	Terase en conta a receptividade, a curiosidade, o interese e o gusto polas actividades artísticas, así como o respecto polas producións realizadas por outros compañeiros.
TRABALLO CON FICHAS	30	Inclúese a realización diaria das actividades e a correcta anotación da grafía musical.
INTERÉS E APLICACIÓN	30	Terase en conta a regularidade e constancia diarios, a participación de cada alumno na aula ao longo do curso (continuidade do traballo diario) e a disposición do alumno de cara á aprendizaxe.
As porcentaxes ao 50% de Plástica e Música axudarán a calcular a nota media de Educación Artística.		

RELIXIÓN		
INSTRUMENTO	%	OBSERVACIÓNS
LECTURA / EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	10	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión lectora. • Emprego correcto do novo vocabulario que van adquirindo. • Preguntas directas de xeito oral. • Caligrafía lexible e realización dos trazos seguindo a direccionalidade correcta.
LIBRO DE CLASE E TRABALLOS COMPLEMENTARIOS	50	<ul style="list-style-type: none"> • Realización correcta das tarefas da clase e da casa diarias. • Traballo diario no libro. • Organización e boa presentación das actividades na aula (boa caligrafía, presentación, limpeza...) • Traballo diario no libro.
TRABALLO CON FICHAS	40	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado do material propio e da clase. • Interese e grao de participación na clase. • Constancia e regularidade no traballo diario. • Respecto hacia ós demais.

VALORES CIVICOS E SOCIAIS	
INSTRUMENTOS/OBSERVACIÓNS	%
Mostra interese na clase participando activamente.	25
Compórtase axeitadamente axudando aos demais.	25
Aporta ideas respectando a opinión dos seus compañeiros e compañeiras.	25
Adquire os distintos coñecementos aportados desde esta área.	25

EDUCACIÓN FÍSICA	
INSTRUMENTOS/OBSERVACIÓNS	%
Manifesta interese por mellorar a súa competencia	30
Respecta as normas que se lle propoñen: roupa, calzado...	10
Manifesta responsabilidade na práctica de E:F:	10
Colabora nos xogos sen discriminar a ninguén	10
Coida o material de E:F:	10
Consecución dos obxectivos	30